

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RODEIRO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DO ALUMNADO DO CONCELLO DE RODEIRO QUE CURSA ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL

O Pleno deste Concello, na sesión extraordinaria urxente celebrada o día 12 de decembro de 2015, acordou aprobar de xeito definitivo a Ordenanza reguladora para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello de Rodeiro que cursa estudos fóra do termo municipal.

De conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, publícase como anexo o texto íntegro da mesma que entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 do citado texto legal.

Rodeiro, 14 de decembro de 2015.—O alcalde, Luís López Diéguez.

A N E X O

ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DO ALUMNADO DO CONCELLO DE RODEIRO QUE CURSA ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española configura a educación como un dereito fundamental básico de todos os cidadáns, de conformidade co establecido no seu artigo 27.1 que literalmente dispón: “Todos teñen o dereito á educación”, especificando no seu apartado 5 que “Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación (...)”.

A Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación establece no seu artigo primeiro que todos os españois teñen dereito a unha educación básica que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade.



Asemade a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación prevé o establecemento de axudas por parte das Administracións que compensen a igualdade de oportunidades no medio rural.

Aos citados fins, este Concello pretende axudar ás familias empadroadas neste termino municipal respecto dos gastos ocasionados polo transporte, e propónse á adopción da Ordenanza que se deseguido se sinala:

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto da convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar ás familias polos gastos que teñen que afrontar no desprazamento dos estudantes fóra do termo municipal. Polo tanto, o obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias, mediante procedemento ordinario en réxime de concorrencia competitiva, para sufragar parcialmente o custe do traslado dos estudantes que cursen, fóra do termo municipal e en centros de titularidade pública, algún dos estudos que non se imparten no Concello de Rodeiro.

2. DESTINATARIOS

Serán destinatarios das axudas os alumnos que estean cursando estudos oficiais das modalidades de Bacharelato ou Formación Profesional (ciclo medio ou superior) nalgún dos centros educativos públicos que impartan dita formación regulada e que estean situados en concellos limdeiros ao de Rodeiro.

3. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

As axudas poderán ser solicitadas polos pais ou titores dos alumnos (ou polos propios alumnos se son maiores de idade) que reúnan os seguintes requisitos:

- a. Estar cursando ou ter fillos cursando os estudos indicados no apartado anterior no curso académico obxecto da convocatoria específica.
- b. O alumno, e polo menos un dos pais ou titores no caso de que o alumno sexa menor de idade, deberán estar empadroados no Concello de Rodeiro cunha antigüidade mínima dun ano á data da solicitude da axuda e convivir no mesmo domicilio.
- c. Non ser o solicitante nin os membros da unidade familiar debedores da Facenda Municipal, Autonómica e/ou Estatal, así como da Seguridade Social.
- d. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Rodeiro.



e. O alumno para a que se solicita axuda deberá ser menor de 20 anos, á data da solicitude.

Aos efectos da presente Ordenanza enténdese como unidade familiar a composta polos pais e/ou titor, os fillos menores de idade e o solicitante da axuda no suposto de ser maior de idade.

Cada unidade familiar só poderá presentar unha solicitude de axuda en cada convocatoria.

4. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes formularanse mediante instancia subscribida pola persoa interesada (pai/nai/titor legal ou alumno maior de idade) segundo o modelo oficial. A presentación de dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes. Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación debidamente cotexada coa orixinal:

- 1) Impreso de solicitude no modelo oficial facilitado polo Concello.
- 2) Fotocopia do DNI do solicitante e do alumno se son diferente persoa.
- 3) Certificados de empadramento e convivencia do solicitante e do alumno beneficiario.
- 4) Fotocopia da matrícula ou, no seu caso, certificación do centro académico de estar matriculados no curso obxecto da convocatoria específica.
- 5) Boletín de cualificacións ou certificación expedida polo centro educativo de terse presentado como mínimo ao 50% das materias correspondentes á matrícula do curso obxecto da convocatoria específica.
- 6) Declaración xurada asinada polo solicitante da distancia existente entre o seu domicilio e o centro de estudos, no suposto de utilizar transporte particular.
- 7) Certificación de conta bancaria para o ingreso da axuda, de ser o caso.

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Anualmente a Xunta de Goberno Local realizará no mes de maio a convocatoria específica para o curso académico iniciado o ano anterior. A convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia. As solicitudes de participación na convocatoria de axudas presentarase no Concello no prazo de vinte días naturais, contados a partires do día seguinte da derradeira publicación.



6. CONTÍA, FINANCIAMENTO E ABONO DAS AXUDAS

Os alumnos que cumpran os requisitos establecidos poderán ser beneficiarios dunha axuda económica de pagamento único en función do lugar de residencia deste, na seguinte contía:

- Residentes nos lugares da parroquia Rodeiro: ata un máximo de 225,00 €.
- Residentes nas parroquias do Concello, agás a de Rodeiro, que vivan a unha distancia igual ou menor de 4 quilómetros do núcleo do lugar de Rodeiro: ata un máximo de 350,00 €.
- Residentes nas parroquias do Concello, agás a de Rodeiro, que vivan a unha distancia superior a 4 quilómetros e menor ou igual de 8 quilómetros do lugar de Rodeiro: ata un máximo de 500,00 €.
- Residentes nas parroquias do Concello, agás a de Rodeiro, que vivan a unha distancia superior de 8 quilómetros do lugar de Rodeiro: ata un máximo de 675,00 €.

Quedan excluídos das axudas aqueles alumnos que dispoñan de transporte público gratuito para o desprazamento ao centro educativo.

As axudas financiaranse con cargo á partida correspondente do orzamento municipal en vigor. Se o número de solicitudes admitidas superan o importe da partida orzamentaria, estas reduciranse de xeito lineal e proporcional ata axustalas ao crédito dispoñible.

O Concello resérvase a facultade de denegar as axudas no suposto de que os servizos municipais comproben e acrediten que o domicilio de empadramento do beneficiario non se corresponde coa súa residencia real efectiva. Asemade, calquera outra falsidade nos datos achegados na solicitude dará lugar de igual xeito á denegación das axudas.

O abono das axudas realizarase por transferencia bancaria á conta do solicitante, unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

7. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os alumnos beneficiarios terán as seguintes obrigas fronte ao Concello de Rodeiro:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en transporte para os cursos nos que se acredite a matriculación
- b. Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións
- c. Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.



8. PROCEDIMENTO, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

As solicitudes serán instruídas polos servizos técnicos municipais, que terá as seguintes atribucións:

- Comprobación dos requisitos para ser beneficiarios establecidos na presente Ordenanza.
- Petición, de ser o caso, dos informes que se estimen necesarios para unha mellor resolución.
- Requirer a achega de documentación complementaria no suposto de solicitudes incompletas e efectuar proposta de resolución, indicando as solicitudes informadas favorablemente e aquelas que se propón a súa denegación.

A aprobación das axudas efectuarase por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local. O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente aos interesados e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal.

9. XUSTIFICACIÓN

1.—Entenderase que non foi destinada a axuda á finalidade establecida cando os alumnos beneficiarios incorran nalgunha das seguintes situacións:

- a) Causar baixa no Centro antes do final do curso sen motivo debidamente xustificado.
- b) Non utilizar ningunha clase de transporte durante o curso académico.

2.—Para a xustificación da axuda concedida o interesado deberá achegar ao Concello a seguinte documentación no prazo máximo de quince días naturais, contados dende o día seguinte á notificación do acordo de concesión:

- Factura expedida polo transportista (autocar, taxi, etc.) na que se detallen os datos identificativos do alumno (nome, apelidos e DNI), o curso académico para o que se solicita a axuda ao transporte escolar e o importe do custe do transporte.
- No suposto de que o transporte se realizara en vehículo particular achegarse declaración xurada asinada polo solicitante na que figure a matrícula do vehículo, o titular do mesmo e o número de quilómetros realizados durante o curso entre o seu domicilio e o centro de estudos, desagregado por meses. Aos efectos de calcular o gasto total establécese a cantidade de 0,19 € por quilómetro.
- Declaración responsable doutras axudas solicitadas, percibidas e/ou pendente de resolver para a mesma finalidade.



DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Non obstante o establecido no apartado 5, unha vez entrada en vigor a presente Ordenanza, a Xunta de Goberno Local convocará as axudas correspondentes ao curso 2014-2015.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.—Para o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e disposicións concordantes e complementarias.

Segunda.—A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

O alcalde, Luís López Diéguez.—O secretario, José María Novo Ramos.

